

Camiños de ida e volta: a emigración herdada

Ana Acuña Trabazo¹; María Luísa Márquez Rodríguez²; María Xosé Dourado Campos³

Recibido: 31 de marzo de 2016 / Aceptado: 31 de outubro de 2016

Resumo. “Camiños de ida e volta”, nacido no IES Luís Seoane de Pontevedra servindo como ponte con Cuba (A Habana, Santa Clara) e Arxentina (Bos Aires, Río Ceballos, Capilla del Monte, Córdoba), surxiu co obxectivo de dar resposta ao desarraigo dun grupo de estudantes arrincados polos seus pais do seu país e das súas escolas e traídos a Galiza, unha terra para eles coñecida a través dos recordos dos seus avós e pola súa participación en eventos dos centros galegos aos que acudían en comunidade, aínda que axiña se converteu en algo máis: na recuperación dunha parte importante da memoria de Galiza a través das historias familiares. Os relatos recollidos coas voces dos protagonistas da diáspora ou dos seus descendentes, a posibilidade que nos regalaron de poder dixitalizar fotografías, documentos gardados durante décadas (pasaportes, autorizacións de traballo, partidas de nacemento, epistolarios cos que acó ficaban) transformáronse nun tesouro conservado no arquivo do noso instituto. Co traballo coñecemos elementos patrimoniais (gastronomía, música, artesanías, lendas, ditos...) coidados con amor e transmitidos, que conforman parte da identidade cultural dos países de acollida. A isto sumouse a experiencia de coñecemento arredor de Luís Seoane en Bos Aires, fundamentalmente o da súa produción muralística.

Palabras chave: Retorno; identidade; memoria familiar; emigración; Luís Seoane; Galiza.

[es] Caminos de ida y vuelta: la emigración heredada

Resumen. “Caminos de ida y vuelta”, nacido en el IES Luís Seoane de Pontevedra sirviendo como puente con Cuba (La Habana, Santa Clara) y Argentina (Buenos Aires, Río Ceballos, Capilla del Monte, Córdoba), surgió con el objetivo de dar respuesta al desarraigo de un grupo de estudiantes arrancados por sus padres de su país y de sus escuelas y traídos a Galicia, un territorio conocido por ellos a través de los recuerdos de sus abuelos y a través de los centros gallegos a los que acudían sus familias, aunque pronto se convirtió en algo más: en la recuperación de una parte importante de la historia de Galicia mediante las historias familiares. Los relatos recogidos con las voces de los protagonistas de la diáspora o de sus descendientes, la posibilidad que nos regalaron de poder digitalizar fotografías, documentos custodiados durante décadas (pasaportes, autorizaciones de trabajo, partidas de nacimiento, epistolarios con sus familiares) se transformaron en un tesoro conservado en el archivo de nuestro instituto. Con sus aportaciones conocemos elementos patrimoniales (gastronomía, música, artesanías, leyendas, dichos...) mimados y transmitidos, que hoy forman parte de la identidad cultural de los países de acogida. A esto hay que sumar la experiencia de conocer la figura de Luís Seoane en Buenos Aires, fundamentalmente su producción muralística.

Palabras clave: Retorno; identidad; memoria familiar; emigración; Luís Seoane; Galicia.

[en] Roads Leading Out and In: the Legacy of Immigration

Abstract. “Camiños de ida e volta” has its origins in Luis Seoane high school and it bridges the gap between Cuba (La Habana, Santa Clara) and Argentina (Buenos Aires, Río Ceballos, Capilla del Monte, Córdoba). It was born with the objective of giving answer to the alienation of a group of students who were once forced by their parents to leave their countries and school and were brought to Galicia. Galicia is for them a familiar land, for their grandparents’ memories and their involvement in the different events held by the Galician centres in which their families took part. This soon led to the recovery of a very important part of Galician history through family stories. Tales collected with the diaspora

¹ Universidade de Vigo, Departamento Filoloxía Galega e Latina.
E-mail: ganime@uvigo.es

² IES Luís Seoane.
E-mail: lmarquez@edu.xunta.es

³ IES Luís Seoane.
E-mail: douradocampos@edu.xunta.es

protagonists' voices or their descendants, the chance they gave us to digitize pictures, documents kept for decades (passports, work permits, birth certificates, etc) became a treasure in our high school archive. With work we get to know patrimonial elements (gastronomy, music, craft-work, legends, sayings...) preserved and which entail an important part of the cultural identity of the reception countries. Besides, we had the opportunity to know a lot more about Luis Seoane in Buenos Aires, above all about his muralist production.

Keywords: Neira Vilas; Longseller; Representative Literary Work; Emigration Literature; Galician Literature; Cultural Sociology.

Sumario. 1. Camiños de ida e volta: a emigración herdada. 1.1. Estratexias metodolóxicas. 1.2. Desenvolvemento. 1.3. Resultados e conclusións. 2. Luís Seoane nos Camiños de ida e volta. 3. Reflexión. 4. O epistolario da familia Rosales e as fotografías. 5. Consideracións finais. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Acuña Trabazo, A.; M^a L. Márquez Rodríguez e M^a X. Dourado Campos (2017): "Camiños de ida e volta: a emigración herdada", *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 15-24.

1. Camiños de ida e volta: a emigración herdada

Recuperar a historia familiar da emigración a través das lembranzas de avoas e avós, nais e pais, foi o camiño deseñado para que un grupo de adolescentes arrincados dos seus lugares de orixe en Arxentina e Cuba por causa das dificultades económicas e traídos a unha Galiza coñecida polas lembranzas familiares de avós e pais e, moitas veces máis imaxinada que real, se

sentiran integrados na súa escola e comunidade de acollida. Naceu "Camiños de ida e volta" como un medio para que superasen o seu sentimento de desarraigo e coa idea de dar resposta á chegada de alumnas e alumnos procedentes de diferentes países que están a cambiar a composición dos nosos centros que son cada vez máis multiculturais e multiétnicos. Unha acollida positiva, aberta e cunha visión de enriquecemento permítenos evitar actitudes de intolerancia, xenofobia e racismo, ao tempo que facilita a convivencia harmónica e pacífica. Esta iniciativa propón, ademais do intercambio que realizan alumnas e alumnos, reafirmar a identidade cultural e patrimonial dos pobos para ter unha visión integradora e sostible do mundo así como o rescate do cultural, patrimonial e natural a partir do traballo investigador realizado polos estudantes, que posibilita establecer fortes relacións coas diferentes familias e entidades dos territorios onde viven. A familia portadora e transmisora dos elementos culturais e patrimoniais será a encargada de transmitirlos de xeración en xeración. Deste xeito, na nosa proposta de "Camiños de ida e volta", as familias xogan un papel primordial e xunto con elas, as galegas e galegos da emigración e os seus descendentes que nos teñen regalado dunha maneira absolutamente xenerosa e amable, as súas historias de vida, os seus recordos, as súas fotografías, os obxectos que conservaban con amor tras anos de separación da súa terra de nacemento. Con todas e todos temos unha débeda impagable.



Bisavós de Carmen González (Capilla del Monte)



Celso Lage e a súa muller Cleofé Arribas (Bos Aires)



Carmen González e o seu fillo Eduardo (Capilla del Monte)

Un elemento clave no desenvolvemento do referido plano foi a posibilidade de encontro entre os avós e as avoas emigrantes coas mozas e os mozos en Bos Aires, A Habana e Santa Clara, xuntanzas que serviron para estreitar lazos entre maiores e xoves e para que estes valorasen as historias de vida das persoas que tiveron que facer a dramática viaxe da emigración nun permanente camiño de ida e volta.



Encontro no MEGA (Bos Aires)




Encontro n'A Habana

1.1. Estratexias metodolóxicas

A proposta metodolóxica baseada en investigación-acción concretizouse mediante enquisas para as familias implicadas, entrevistas persoais e estudo da documentación que achegaban, elementos que foron dixitalizados e gardados para logo seren avaliados. O proceso realizouse de xeito cooperativo e en equipos interdisciplinares coa participación activa do alumnado e da comunidade educativa.

Por outra parte, a interacción con entidades galegas de Arxentina e Cuba tivo una primeira fase en rede e concretouse presencialmente coa organización de programas e parcerías entre as escolas asociadas mentres que cos emigrantes retornados a Galiza, o contacto foi directo sempre.

Todo o coñecemento adquirido permitiu desenvolver este proxecto partindo da análise, reflexión e posterior establecemento de conclusións con troca das mesmas desde as dúas beiras atlánticas, manexando unha metodoloxía activa.



Pasaporte do emigrante Álvaro Vázquez

1. 2. Desenvolvemento

A iniciativa arrincou no curso académico 2003/2004 no IES Luís Seoane (Pontevedra), pero axiña superou os límites xeográficos e estendeuse a Cuba e Arxentina:

- En Cuba: SB José Antonio Echeverría d'A Habana e IPVCE Che Guevara, de Santa Clara.
- En Arxentina: IPPEM 88 de Capilla del Monte e Colegio José Hernández de Bos Aires.

Os seus últimos pasos déronse no curso 2014/2015. O percurso do mencionado proxecto desenvolveuse da seguinte maneira:

- Primeira fase. Enquisas para as familias, dixitalización de fotos e documentos e creación dun arquivo familiar, gravacións.
- Segunda fase. Elaboración de materiais: unidades didácticas, recollida de testemuños nos diferentes países, gravación da miniserie documental *Camiños* e do DVD interactivo *Camiños de ida e volta*.
- Terceira fase. Encontros de estudantes: alumnado cubano en Pontevedra e galego en Santa Clara; estudantes galegos en Bos Aires e arxentinos en Pontevedra; celebración de festivais interculturais e de intercambio; e presentación e avaliación dos materiais das diferentes escolas.
- Cuarta fase. Incorporación da figura de Luís Seoane coma un máis dos que realizan o camiño de ida e volta; análise da súa produción muralística en Bos Aires.
- Quinta fase. Difusión nas escolas (presentacións, exposicións, conclusións), nos Encontros das Escolas Asociadas á UNESCO de Galiza, España e Cuba; na Feira do Libro d’A Habana; no Congreso Internacional da AIEG en Bos Aires; e na radio, prensa e TVG.

1.3. Resultados e conclusións

O programa foi moito máis alá do propósito inicial xa que involucrou dun xeito profundo as comunidades de orixe e chegada dos estudantes ou as familias, mais tamén a persoas que compartiron as súas experiencias ao coñeceren o traballo. Permitted, asemade, o encontro de estudantes nos diferentes países e a realización de festivais onde os elementos da cultura galega non estaban moi visibles (caso de Santa Clara, Cuba). O máis salientable non é que servira de ponte e camiño de integración e de superación do sentimento de desarraigo para os nosos estudantes senón que serviu para a recuperación de importantes elementos patrimoniais a través das historias familiares.

2. Luís Seoane nos “Camiños de ida e volta”

Cando no vinte e cinco cabodano de Luís Seoane, o noso centro de formación profesional Monte Porreiro muda a súa denominación

(segundo o acordado en claustro de profesorado) para o definitivo IES Luís Seoane, encárgaselle a Don Isaac Díaz Pardo a realización dun logotipo que vai representar desde xa a toda a comunidade educativa: en palabras do finado, “a comunicación entre o alumnado, a ensinanza e a aprendizaxe mutuas”, inspiradas na obra de Seoane⁴, coa cerámica de caolín e as cores clásicas das pezas de Sargadelos.



Logotipo deseñado por D. Isaac Díaz Pardo

É desde ese ano cando entre as actividades programadas do instituto se producirán tres entrevistas a Don Isaac Díaz Pardo (no centro educativo, no Laboratorio de Formas de Galicia, na súa vivenda d’A Coruña) e tamén varias excursións didácticas ao complexo do Castro, en Sada, e ao de Sargadelos.

Posteriormente, o 1 de xuño de 2010, celébrase no noso IES un acto conmemorativo do centenario do nacemento de Seoane realizado polo alumnado de segundo de bacharelato e ao que acoden autoridades educativas, do goberno local e familias. Expóñense traballos de análise da obra do autor, realízanse gravados e vidreiras baseados na súa pintura, recreáanse in situ dous cadros de grandes proporcións e realízase un periplo vital do autor homenaxeado.

En Galicia, creo que no saben cuánta de prestixio humano deben a sus emigrantes. Tampoco saben cuánta le deben aqueles países donde resolvieron vivir. Por exemplo, en Buenos Aires se conmemoran los centenarios de los hechos

⁴ Véxase calquera dos vinte e nove deseños de Luís Seoane en *Figurando recuerdos*, da Editorial Citania (Bos Aires, 1959).

realizados por emigrantes de otros países que no son Galicia. Los gallegos no hablan de sus centenarios (...). (Luís Seoane 1979: 7)



Centenario de Luís Seoane: o comezo



Acto conmemorativo no instituto: remate

Desde ese momento, a análise exhaustiva das andanzas de Luís Seoane, alén e aquén do Atlántico, provoca a inclusión desta figura en “Camiños de ida e volta” ademais da ansia de percorrer e coñecer profundamente o seu traxecto pola outra beira para estudar, seguir e interpretar a súa obra, de xeito particular, a muralística. A metodoloxía empregada nesta análise relaciónase con tres fases: preparación e contactos coa Fundación Luís Seoane, co Centro Galicia e co MUGA de Bos Aires; visualización, recreación e análise comparativa; elaboración dunha memoria contrastiva entre as reflexións do alumnado e as que o autor espalla na súa extensa bibliografía analizada. O resultado fundamental é a coincidencia entre as conclusións do alumnado e as expectativas que Luís Seoane manifesta en varias ocasións arredor do feito artístico. Froito deste traballo, e da viaxe realizada co alumnado a Bos Aires en 2014, son algunha das reflexións finais que transcribiremos a continuación, axudados de imaxes propias. Despois de visitarmos as Galerías Pacífico e ante a bóveda decorada polos cinco compoñentes do Taller de Arte Mural

creado en Bos Aires, o noso alumno Ricardo adiviña que “aquela de alí debe ser a parte que pintou Colmeiro porque esa figura parece que está soñando con Galicia e ten uns ollos que só podería ter pintado un pintor galego”. Con esta primeira impresión comezamos a serie de coincidencias entre as palabras dos nosos estudantes e as de Luís Seoane:

Colmeiro fixo en Bos Aires, antes de facelos en Galicia (...) algo do que soñou en Galicia, nun grande centro comercial, Galería del Pacífico: un canto lírico e un mar mitolóxico galego e unhas espléndidas figuras campesiñas no seu traballo. (Luís Seoane 1974b: 313).

Ante o gran mural de 33 x 11m realizado no actual Centro Cultural San Martín que leva por título “Nascimento do Teatro Arxentino” (ou “El circo criollo”), a estudante Sofia vive...

unha sensación entre agobio e alegría pola cantidade de cores utilizada, por non falar do impactante que é, que non se pode apreciar enteiro. Representa un circo con acróbatas, cabalos, carpa, espectadores, con moitas cores vivas, con distintas vestimentas e accesorios do circo; coa súa corda frouxa, os seus equilibristas e pirámides humanas. O concepto podería ser unha alegoría á visión que os crioulos teñen do gaúcho coma un ser animal e bruto. Unhas liñas cinéticas? Non sei. As mesmas figuras preséntanse desde puntos de vista diferentes. Teatro ou circo?



Impresións ante o *Nascimento do Teatro Arxentino*

O autor sente un afecto especial por este mural xa que:

Case sempre tivemos que adaptar a obra realizada ao lugar designado polo arquitecto e case sempre despois de estar rematado o edificio. En moi poucas ocasións, unha delas no Teatro San Martín, cando estaba en obra, e proxectada de acordo cos arquitectos (...).

Eliminei calquera detalle superfluo, pois na pintura mural polo seu tamaño, pola distancia que esixe a súa contemplación, debe o artista atender fundamentalmente á *composición*, de xeito que os planos de cor e liñas e até o tema, harmonicen coa arquitectura e a finalidade da obra arquitectónica. (Luís Seoane 1974a: 19)

Sen tratarse puramente dun mural, o óleo “A malla”, pintado para o Centro Lucense de Bos Aires, foi analizado polo por Judith deste xeito:

Labregos vestidos como tales traballando a terra, mallando e poñendo a palla en mollos. O mural está restaurado, por xente que aprendeu con Luís Seoane, porque estivo moito tempo exposto nun restaurante. Ao fondo vense os prados. Vouno pintar. Noutras épocas puideron haberse feito nos pazos galegos grandes pinturas murales (...). Os edificios públicos de Galicia, deben ilustrar ao pobo, supoñendo que perdure o criterio de que o arte serve á ensinanza elemental, sobre dos padecimentos e traballos que este tivo de sufrir ao traveso da súa longa historia (...). Máis que as fazañas guerreiras e os trunfos diplomáticos e políticos aos que o pobo galego asistía como espectador, narraría nas paredes os traballos rudos de ese mesmo pobo pra perdurar no tempo: os traballos da terra e do mar, os da emigración. (Luís Seoane 1973: 131)



Diante d’A malla



Recreando a obra de Luís Seoane

Por último, e ante o gran mural situado nas Galerías Santa Fe titulado “Os músicos”, a nosa alumna Lara, afeccionada á música, matiza:

A min recórdame que a pesar de todo, e da distancia, sempre estará a música con nós. Aparecen músicos tocando varios tipos de instrumentos; predominan os de percusión e vento. As cores son douradas, terras, verdes, negras, granates, grises, brancas... Dá a sensación de que as figuras están flotando e a pintura adáptase de novo á arquitectura.

E o noso autor explica:

Por estes días tamén comezo a decoración mural dunha bóveda de 14 metros por 6, nun gran edificio do centro desta cidade. Teño grandes esperanzas de que me saia ben (...). A bóveda dinamiceina con grandes tons elementais planos e con grafismo en negro, tratando de aproveitar as experiencias murais dos pintores románicos, aos que admiro, e o tema que desenvolvo é o da música. (Luís Seoane 1954: 61)

Non remata aquí a análise da obra muralística de Seoane. Moitos outros camiños abríranse para a interpretación inocente e real desas imaxes pintadas nos lugares públicos que igualan a beleza da obra artística cos pasos do camiñante porque...



Baixo a bóveda das Galerías Santa Fe

No noso tempo existe un público case inédito pró artista, cuia limpeza no seu xeito de ser, e o estado de inocencia estética no que vive (...) faille manter a virxindade da súa visión, e a extraordinaria sensibilidade maxinativa que sempre o caracterizou (...). Ten logo a inxenuidade e a pureza que se debe esixir ó espectador de arte. (Luís Seoane 1979: 27)



Recreando a obra de Luís Seoane

3. Reflexión

O proxecto levado a cabo no IES Luís Seoane de Pontevedra denominado “Camiños de ida e volta” ocupase dun tema pouco tratado: a segunda emigración, a herdada, a dos descendentes –xa arxentinos– que buscan un futuro mellor en Galiza. Ese futuro mellor pode ser encontrado ou non, polo que a emigración herdada, a da “xeración de ida e volta”, pode converterse nun retorno á Arxentina (así lle aconteceu á familia Orsí Serrano). E como o traballo mostra aspectos pouco abordados, consideramos que merece ser investigado todo o que ofrecen os “Camiños de ida e volta” elaborados polo IES Luís Seoane. É dicir, todo aquilo que antes se consideraba como parte das correntes migratorias galegas (os factores de empuxe e condicións de transporte, adaptación ocupacional, mobilidade e relacións persoais...), agora –grazas a esta iniciativa– pode estudarse dentro das correntes migratorias arxentinas cara a Galiza. Neste sentido, é relevante, por exemplo, que os arxentinos residentes en Galiza e informantes se consideran “refuxiados sociais”, concepto que parece designar a decisión de probar fortuna en Galiza (na procura de estabilidade) cando non se ve claro o futuro dos fillos en Arxentina (familia Carletta, sen ascendencia galega pero instalada nas terras galegas).

As familias entrevistadas na referida iniciativa do IES Luís Seoane, esa xeración de ida e volta vive entre a saudade do país de partida e

a realidade do país de acollida, sente que “volve nacer noutro sitio” e nese renacer oscila entre o desconcerto e a estrañeza, a culpabilidade cara ao cabeza de familia ou ben cara ao país de acollida (caso das fillas da familia Carletta), a incomprensión, a pena, a lenta e difícil adaptación. Cómpre analizar, pois, as consecuencias psicopatolóxicas do retorno e da adaptación, consecuencias que non foron tan estudadas como as da emigración. Sobre esta circunstancia xa se preocuparon os psiquiatras Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo ao indicar que esa “neglixencia (...) abrangue o campo enteiro dos estudos migratorios a nivel mundial” (2007: 15). Os psiquiatras citados profundaron no retorno dos “transmigrantes” (termo que se podería aplicar aos informantes do IES Luís Seoane), é dicir, das “persoas que se adscriben e son adscritas a dous ou máis estados-nación, e que participan na vida nestes estados como actores sociais” e para os que

A adaptación de volta é dura porque implica deixar de ser quen fomos durante un período moi longo e posiblemente moi produtivo da nosa vida, implica clasificar ese rol traballado a eito para construír un novo, que no caso máis xeitoso, debería incorporar elementos de todos os que fomos, adaptados ao noso país e á nova situación. Ese sacrificio pode ser magoante porque a emigración é un período que permite a creación dunha identidade construída por nós, allea á nacementa. (*Ibid.* 31)

Este propósito do IES Luís Seoane, ademais de atender á ida e á volta, recompilou unha serie de documentos persoais dun valor incomensurable (por ofrecer datos significativos). Un valor derivado da metodoloxía empregada e que influíu nos seus logros ao ser quen de unir, a un e a outro lado do Atlántico, os protagonistas da emigración no século XX (galegos e non só) cos protagonistas do retorno no século XXI. Non sempre a comunidade escolar é quen de estar á altura das necesidades dos seus membros, neste caso o estudantado desprazado cos seus pais pero sen entender o ese desprazamento nin ter ferramentas para encher a perda (caso da familia Carletta).

A utilización das fontes orais e do método biográfico (que inclúen os documentos persoais e as historias de vida) é a máis adecuada para comparar as distintas vivencias e respostas da “xeración de ida e volta”. Dado que estamos perante persoas que viven un cambio

cultural, é importante a repercusión individual, de aí a metodoloxía orientada á experiencia íntima na idade escolar (coas dificultades de adaptación ao lugar, á creación de amizades, á aprendizaxe dunha lingua nova...). Esta iniciativa permítenos coñecer a historia de vida de varias familias en Galiza, en Arxentina e en Cuba, uníndose así (de maneira simbólica, xa que a distancia llelo impide) as xeración de ida e de volta. Tamén nos permite acceder aos seus enclaves de memoria, á emoción do pasado e aos recordos gravados fondamente por reconfortantes ou por dolorosos a través das entrevistas, das cartas e das fotografías.

Dous historiadores estudosos da emigración apoiáronse nesta metodoloxía, Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas (2005), e analizaron as memorias de vida, a correspondencia familiar e as fotografías, para reconstruír a vida dunha familia de emigrantes galegos en América. Segundo os autores dificilmente poderían coñecer os mecanismos de adaptación sociocultural e laboral do emigrante, as fases e pautas de modificación da súa identidade meramente a través de fontes seriais. Como xa se indicou, o plano elaborado polo IES Luís Seoane recompilou documentos persoais de todo tipo: relatos testemuñais, cartas e fotografías. Deterémonos nos dous últimos, pois ao primeiro fun aludindo ao longo da exposición, e porque as cartas e as fotografías “adquiren un valor engadido e primordial” nos procesos de reconstrución constante da natureza das redes parentais (Núñez Seixas e Soutelo Vázquez 2005: 43). Se, por unha parte tivemos ocasión de profundar no epistolario da familia Rosales (o único recollido no referido estudo), por outra, contamos con case tres mil fotografías entre os informantes de Cuba e Arxentina.

4. O epistolario da familia rosales e as fotografías

O único epistolario recuperado durante a recolla de materiais para “Camións de ida e volta” foi o da familia Rosales. Trala súa lectura

quixemos coñecer as descendentes e escoitar da súa voz os recordos e a memoria da familia emigrada. A entrevista ás bisnetas⁵ revela unha historia descoñecida na terra de partida: unha historia de necesidade, de privacións e de represión trala Guerra Civil. Unha historia que xa queda fóra desta intervención pero non da nosa curiosidade investigadora⁶. Os tres irmáns Rosales (Vicente, Tomás e Francisco) emigraron a Bos Aires a finais do século XIX fuxindo da milicia, pero manterán contacto coas sobriñas residentes en Marín (orfas de nai⁷ e cun pai represaliado) ata o século XX. A relación foi recuperada xa no século XXI cos descendentes. O referido epistolario contén misivas escritas, maioritariamente á máquina por Vicente Rosales, nun castelán rico e coidado e seguindo os modelos epistolares habituais sen apenas interferencias do país de acollida. Sabemos que Vicente rexentou un comercio de electricidade e as súas cartas reflicten as condicións de vida e as oportunidades laborais no lugar de destino, así como as relacións coa familia de orixe e as remesas enviadas. Se nunha carta se presenta como traballador e non rendista⁸, ao ano seguinte os irmáns Vicente e Tomás envíanlle ás sobriñas 500 pesetas “en calidad de obsequio que les hacen vuestros tíos”. Indícalle Vicente na epístola do 5 de xullo de 1947:

Ustedes cren que yo vivo de rentas y no es asi nosotros somos 9 de familia que estamos permanente en la casa y todos trabajamos en diferentes cosas –y cuando llega el fin de mes es muy poco el ahorro que hacemos debido a que la vida se puso muy cara y que con mucha frecuencia vienen a nuestra casa los nietos la hija casada su marido mis hermanos y los hijos de estos y a todos tenemos que atenderlos lo mejor posible por ser nuestro hogar la Casa grande para ellos. En los 50 años que llevo en America siempre procuré no molestar a nadie para nada, ayudé a mis padres todo lo que buenamente pude y despues tuve que atender la crianza de mis hijos sin ayuda (...)

Estas son las causas por las que no me es posible favorecerlas a ustedes pero no por eso las olvido

⁵ O noso agradecemento infindo a Sitina e a Sisi, pola súa xenerosa e paciente conversa en Seixo o 3/4/2015.

⁶ Estamos en débeda con Celso Milleiro, que compartiu connosco o seu arquivo sobre a represión no Concello de Marín.

⁷ A nai falecida tivera ocasión de visitar os teatros de Arxentina con 16 anos.

⁸ Segundo Núñez Seixas (2002) indica que dentro do colectivo inmigrante se incluía unha elite comercial e profesional.

y hasta quisiera antes de ir al Camposanto, dar una vuelta por ahí y conocerlas personalmente a todas ustedes por ser las únicas sobrinas que atendieron hasta el último momento a mi Madre.

Como tantas veces, a periodicidade da correspondencia depende dos ciclos vitais (a morte dun dos irmáns, Francisco), da preguiza e, tamén, das desventuras co servizo postal. Sobre este aconsella en anos sucesivos:

Tu última carta que enviaste por Avion tuve el gusto de contestartela y despacharla por vía marítima y te recomendaba en la misma que tu hicieras lo mismo por que así resultaría mas económico y como hasta la fecha no recibí tu contestación supongo haya ocurrido extravío de alguna de las cartas (...) Como esta carta la envío certificada confío la recibirán. (15/5/1948)

Tamén se recorre ás fontes informais para remitir aforros e paquetes. É precisamente no intercambio de obsequios onde se ve a señar da de gastronomía propia dunha vila mariñeira:

El señor José Miñon me entregó personalmente vuestra cartita (...) como también un paquete de casapas que he aceptado con muchísimo gusto, cuyo pescado estaba de primera lo cual no puedo menos que darles las mas expresivas gracias por el obsequio, rogándoles que en lo sucesivo no se molesten ni molesten. (28/8/1953)

Co tempo e malia o progreso da terra abandonada (percibido polos retornados de paso), estes emigrados son conscientes de que non é posible o regreso. Se no ano 1947 Vicente Rosales tiña a expectativa de “hacerle una visita” á familia en Galiza, en 1953 xa mudaran as tornas:

Nosotros ya no tenemos esperanzas de hacerles una visita, llevo aquí 58 anos es decir puede suponer que me críe en este país de manera que le tengo un apego tal que sentiría abandonarlo siquiera temporalmente y desde ya les agradezco la invitación que se sirven hacerme. (20/8/1953)

Con todo, non poden esquecer os seus modelos de control social porque os “emigrantes galegos arribaron ás cidades de América coa mentalidade familista”⁹ (Núñez Seixas e

Soutelo Vázquez 2005: 30) e “os mecanismos de control social da comunidade seguían dalgun xeito a funcionar alén mar” (*Ibid.* 82). Isto maniféstase, por exemplo, na preocupación por casar as mulleres da familia de aquí e alén mar:

Le dices [tía Dolores] que nos hemos alegrado muchísimo que haya casado bien todas las hijas. En eso le mató el punto a la hermana pues tu tía Carmen de 8 que tuvo solo colocó hasta ahora una hija la mayor la cual ya nos dio 4 nietos. (5/7/1947)

E no desexo de deixar clarificadas as cuestións de herdanza centradas, neste caso, nunha casa:

Lo que desearía conocer es como terminaron el asunto de la casa de arriba y si Tomás les mandó el poder que me negara a min. (29/8/1953)

En canto ás fotografías remitidas polo tío Vicente Rosales, consciente do seu uso simbólico (el mesmo emprega a palabra), son como “unha pseudopresenza e un signo de ausencia” (Sontang 1981: 26). Perante a nostalgia, Vicente Rosales envía tres imaxes que son crónicas familiares:

Aprovecho la ocasión para incluir a la presente 3 fotos sacadas en nuestra casa con motivo de una corta visita que nos hizo la hija casada acompañada de los hijos menores (...) La que está en el centro de la foto al lado mío es la hija casada, se llama Pepa. (15/5/1948)

E tamén el recibe imaxes porque estas permiten a posesión imaxinaria dun pasado irreal (Sontang 1981: 19). De aí que decida ampliar a fotografía do seu lugar de orixe:

De la foto de Marin y Cantoarena voy a sacar una copia ampliada de 50 cm de largo por 30 de ancho para conservarla en un cuadro y presentarla a los amigos que nos visiten. En cuanto a la foto de ustedes... (23/10/1948)

En canto ao valor da documentación gráfica de “Camiños de ida e volta”, concretamente das fotografías (pois tamén existen documentos persoais: pasaportes, actas...), a maior parte

⁹ Vicente Rosales casou cunha curmá enviada dende Galiza con ese cometido.

obedecen a ritos sociais e conmemoran feitos dos individuos en tanto membros das familias. Por esta razón, as imaxes son unha crónica da familia, da solidez dos seus lazos e, a medida que o núcleo familiar se distancia, as fotografías acoden para conmemorar e restablecer a extensión da vida familiar. No arquivo gráfico de “Camiños de ida e volta” existen mostras de imaxes familiares que retratan ritos de paso con relevancia social e tamén económica na existencia das familias (nacemento, primeira comunión, casamento...). Outras imaxes gardadas polos emigrantes queren demostrar que a fortuna lles sorri e, neste caso, fotografáanse diante dos seus negocios, ategados de mercadorías e empregados, para a exhibición da súa autoimaxe no novo mundo:

tamén cumpre unha función: a de reubicar e (...) reinventar os elos familiares existentes ou incorporalos á familia arrendada. Mediante a exhibición da familia distante, o emigrado lexitimaba indirectamente a súa orixe perante a súa nova familia e amigos. (Núñez Seixas e Soutelo Vázquez 2005: 43)

6. Referencias bibliográficas

- García Caballeiro, Alexandre e Ramón Area Carracedo (2007): *Psicopatoloxía do retorno*. Vigo: Galaxia.
- Fernández del Riego, Francisco (2002): *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*. Sada: Edicións do Castro.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (2002): *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel e Raúl Soutelo Vázquez (2005): *As cartas do destino*. Vigo: Galaxia.
- Seoane, Luís (1954): “Carta a Carlos Maside o 23 de febreiro”, *Epistolario*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/epistolarios/seoane.php>).
- (1959): *Figurando recuerdos*. Bos Aires: Citania.
- (1973): *Comunicacións mesturadas*. Vigo: Galaxia.
- (1974a): *Arte mural. La ilustración*. Bos Aires: Sudamericana.
- (1974b): “Encol da miña aportación ao arte mural”, *Grial* 45, pp. 308-318.
- (1979): *Textos encol da arte galega* (Cuadernos da gadaña número cero). Madrid: Brais Pinto.
- (1979): *Imágenes de Galicia, 72 xilografías originales*. Bos Aires: @lbino y asociados, editores.
- Sontang, Susan (1996⁴ [1981]): *Sobre la fotografía*. Barcelona: Edhasa.

5. Consideracións finais

Tras esta breve reflexión sobre “Camiños de ida e volta”, sobre as fontes e os resultados en forma de documentos persoais tan importantes (epistolarios, historias de vida, imaxes...) rematamos insistindo en que o mencionado proxecto permitiu, por unha parte, investigar e reafirmar a identidade cultural e patrimonial de Galiza e, por outra, permitiu a integración das distintas xeracións unindo a terra “pensada e soñada” polos maiores coa terra “sentida” polas novas xeracións a través da comunidade escolar. Luís Seoane, que lle dá nome ao IES e que tanto peso ten no noso propósito, escribía no seu epistolario que xa é hora “de que a xente de Galicia pense que a cultura galega non se desenvolve unicamente en territorio galego, sinón (...) en calquera lugar onde exista un núcleo de emigrantes calquera que seña a forma de desenvolvemento entre eles” (Fernández del Riego 2002: 126). E a ese chamamento atendeu o profesorado do IES ao tender pontes reais e virtuais entre os emigrantes e as súas familias a un e outro lado do océano.